



Foto: Sheila Sundborg

- ESPECIAL: ENSILADO DE HERBA
- ENTREVISTA A JOSÉ GONZÁLEZ, CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL
- CERTIFICAR A CALIDADE, UNHA TENDENCIA Á ALZA
- ¿QUIÉN ES EL JEFE?, A MARCA DOS CONSUMIDORES CHEGA A ESPAÑA
- CONCURSOS: SWISS EXPO, DAIRY SHOW E GANDAGRO

ANNAÏCK LOCQUENEUX, COORDINADORA DA INICIATIVA ¿QUIÉN ES EL JEFE? EN ESPAÑA



“Esperamos que o leite da marca dos consumidores apareza nas tendas Carrefour en xuño”

O leite foi unha das opcións máis votadas na web www.lamarcadelosconsumidores.es e converterase nun dos produtos que se comercialice baixo a marca ¿Quién es el Jefe? cunhas características fixadas de acordo coa votación maioritaria dos consumidores, que decidirán cal é o seu prezo xusto e outras cuestións, como o benestar dos animais ou o impacto medioambiental e social da súa elección. Falamos con Annaïck Locqueneux (Perpiñán, 1967) acerca desta iniciativa e da súa implantación no mercado español.

Que é a marca dos consumidores?
Trátase dunha iniciativa social e colectiva que por primeira vez lle dá voz e voto ao consumidor para decidir o que quere consumir, a que prezo e onde quere que vaia o seu diñeiro, ao mesmo tempo que comproba en tempo real o impacto económico correspondente aos criterios da súa elec-

ción. Cada un promove así un comercio máis xusto e sustentable e, por tanto, un consumo máis intelixente. O obxectivo da marca dos consumidores é cambiar completamente as regras de xogo do mercado, baseándose en criterios de transparencia, equidade, educación, ética, respecto, recoñecemento e responsabilidade.

Como xorde esta iniciativa?

Esta iniciativa iniciouse en Francia cos mesmos principios antes mencionados. En poucos meses atopou unha resposta increíble entre os consumidores franceses e axudou a sacar a centos de familias de agricultores dunha situación precaria, conseguindo un reequilibrio de forzas máis equitativo entre produtor, distribuidor e consumidor. Respecto, responsabilidade e compromiso son valores universais que me chamaron a atención e, ao contactar cos fundadores en Francia, decidimos, entre consumidores, desenvolver esta iniciativa aquí en España.

Que volume de leite se comercializa actualmente en Francia baixo esta marca?

En Francia, hoxe en día, máis de 300 familias participan e vendéronse máis de 80 millóns de litros de leite baixo a marca C'est qui le Patron?. Agora, despois de dous anos de existencia, representa case o 3 % do mercado do leite semidesnatado.

Sobre que tipo de cuestións deciden os consumidores?

Ao construír un cuestionario trátase, en primeiro lugar, de comprender o universo de cada produto en diferentes eixes: a calidade, o valor económico, o proceso de fabricación e o vínculo ambiental e social. Reunímonos con cada un dos actores e identificamos as súas limitacións, os seus coñecementos e os puntos de mellora en cada unha das áreas. Logo propoñémoslle á nosa comunidade de consumidores un máximo de dez temas sobre os que poden actuar, coñecendo en tempo real o impacto da súa elección sobre o prezo final. Ademais, ofrecemos información adicional para que cada un poida decidir libremente o que lle pareza correcto e xusto. Así, todos podemos definir criterios, coma o nivel de remuneración que consideramos xusto para o produtor, o nivel de benestar dos animais ou, incluso, o impacto ambiental.



► "O CONSUMIDOR PODERÁ, POR EXEMPLO, COMPROBAR A NÓMINA DUN PRODUTOR PARA ASEGURARSE DE QUE O COMPROMISO SE MANTÉN EN TERMOS DE REMUNERACIÓN"

No caso do leite, van ser gandeiros e técnicos de diferentes áreas e que lles proporcionen esa información adicional aos consumidores?
As explicacións proporcionadas no cuestionario son o resultado de intercambios e conversacións con gandeiros e técnicos reais.

Como sabe o consumidor cales son os custos do produtor para poder decidir cal é o prezo xusto?

Este punto é un dos valores engadidos da nosa iniciativa. Para que o consumidor poida tomar unha decisión, proporcionámoslle a información necesaria para entender o criterio en cuestión a través de explicacións, vídeos, entrevistas... Proponémoslle visitas e reunións cos produtores e

respondemos a todas as súas preguntas a través da páxina web.

Fixaranse uns estándares de calidade recoñecidos internacionalmente ou a marca dos consumidores creará os seus propios criterios?

Os consumidores decidiremos estas especificacións mínimas a medida que se desenvolvan os produtos. Non temos ideas preconcebidas. Depende de nós definir que queremos unha vez que entendemos o contexto arredor do produto.

Que tipo de leite se vai facer?

A comunidade de consumidores xa conta con preto de 3.000 persoas, que optaron por facer do leite UHT o primeiro produto desenvolvido. Ofreceremos este leite en tres versións, enteiro, semidesnatado e desnatado, e decidimos vendelo a tres prezos diferentes, os cales aínda non foron definidos pola comunidade. En efecto, parece lóxico que o leite enteiro, que contén máis nata, se venda a un prezo lixeiramente superior ao do desnatado. ►



Na actualidade, Annaick está tendo contactos con varios gandeiros galegos

► "CALQUERA CONSUMIDOR PODE UNIRSE Á NOSA COMUNIDADE A TRAVÉS DA NOSA WEB E REDES SOCIAIS E PARTICIPAR MÁIS NA VIDA DIARIA DA INICIATIVA"

do leite ¿Quién es el Jefe? durante o proceso de procesamento. Non debe haber dúbida de que o leite do noso pack é noso.

En que punto se atopa o proceso de implantación da marca en España?

O 7 de marzo de 2019 poñeremos o primeiro cuestionario en liña ao redor do leite. Obviamente, reunímonos con moitos produtores e procesadores para desenvolver un cuestionario relevante e realista. Tamén temos a sorte de contar cun distribuidor, Carrefour, que xa está listo para apoiarnos e darlles a benvida aos nosos produtos nos seus lineais.

Que argumentos lles propoñedes á industria e á distribución para que se sumen ao proxecto?

Trátase dunha aventura feita, sobre todo, de conviccións. Por tanto, o primeiro que comprobamos cando nos reunimos cos nosos socios é a súa capacidade de entender os valores da nosa iniciativa.

Con quen firma o contrato o produtor?

O contacto principal de ¿Quién es el Jefe? é o transformador. É con el con quen contratamos. Ao entrar no proceso, comprométese a respectar estritamente os criterios definidos e elixidos polo consumidor, e é el quen remunerará o produtor. Nós comprobaremos in situ e cos produtores se o que se lles paga segundo o definido e votado está conforme. Ademais, publicaremos a súa remuneración na nosa páxina web e realizaremos controis aleatorios periódicos durante toda a vida do produto.

Que garantías ten o produtor en canto a estabilidade do contrato?

Pedímoslles aos nosos socios que se comprometan durante tres anos cos produtores. Isto garántelles a estabilidade de prezos durante este período

e permítelles organizarse para xestionar mellor as súas operacións.

Como se fai a trazabilidade do produto?

Facemos dous tipos de controis; por unha banda, unha inspección técnica na que un organismo independente lles fai un control ao produtor e ao transformador co fin de realizar as análises necesarias e *chequear* o bo cumprimento dos criterios decididos; pola outra, un control moral, é dicir, organizamos visitas a produtores e a transformadores convidando regularmente a unha decena de membros da nosa comunidade para que vexan por si mesmos se os criterios votados por todos están conformes. O consumidor poderá, por exemplo, comprobar a nómina dun produtor para asegurarse de que o compromiso se mantén en termos de remuneración. O diálogo directo cos produtores e o sentido común son ás veces tan eficientes como moitas das explicacións técnicas.

Como se garante a orixe do leite nas fases de recollida e transformación?

Antes de comprometerse cun socio, asegurámonos de que sexa capaz de garantir a trazabilidade completa

Como é a estrutura da organización?

É unha estrutura empresarial clásica española. Con todo, calquera consumidor pode unirse á nosa comunidade a través da nosa web e redes sociais e participar máis na vida diaria da iniciativa.

Con que porcentaxe económica se queda a organización?

A organización recibe un 5 % sobre o prezo de venda con IVE incluído, diñeiro que permite garantir o cumprimento de todos os procesos descritos anteriormente.

Poderíamos estar falando dunha marca branca de nova xeración?

¿Quién es el Jefe? é, sobre todo, unha iniciativa colectiva e social. Ofrece a oportunidade de que coñezamos un pouco máis o sector agroalimentario e promovamos un control máis activo da nosa alimentación diaria.

Veremos en breve a marca dos consumidores nos lineais dos supermercados españois?

Esperamos que o primeiro produto do leite apareza nas tendas Carrefour o antes posible, probablemente antes de finais de xuño de 2019. ■

GAMA DE TRACTORES ESPECIALES NEW HOLLAND

TRACTORES DE CONFIANZA EN CUALQUIER LUGAR.



HUERTO, VIÑEDO, MONTAÑA, PERFILES BAJOS, PENDIENTES ESCARPADAS, HILERAS ESTRECHAS O IMPLEMENTOS PESADOS. NO IMPORTA DONDE TRABAJES: CON UN NEW HOLLAND PODRÁS HACERLO.

NEW HOLLAND TOP SERVICE 00800 64 111 111* ASISTENCIA E INFORMACIÓN 24/7.
*La llamada es gratuita desde teléfono fijo. Antes de llamar con su teléfono móvil, consulte tarifas con su operador



www.newholland.es

